



BASES DO CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL “FESTIVAL DO REI SOL 2023”

A Asociación de Veciños e Veciñas de Viladesuso organiza un concurso de debuxo infantil con motivo do Festival do Rei Sol (que se celebrará o vindeiro setembro) de acordo coas seguintes bases:

PARTICIPANTES:

Poderán participar neste concurso os alumnos/as de Primaria matriculados nos colexios CEIP Mestre Manuel García e CEIP de Refoxos.

TRABALLOS A PRESENTAR:

Serán válidos os debuxos que cumpran os seguintes requisitos:

- a) A temática é “O Festival do Rei Sol”.
- b) Só se pode presentar un debuxo por cada alumno/a ou familia (Pódese realizar entre irmáns).
- c) Os debuxos deberán estar feitos en folio, en tamaño A4.
- d) Deberán ser orixinais e inéditos.
- e) Técnica libre (lapis de cores, rotuladores, ceras, témpera, acuarela...)
- f) O cartel pode ser feito a man ou mediante aplicacións informáticas. No caso de que se empreguen medios dixitais, as imaxes ou fotografías deben respectar os dereitos de autor das mesmas.
- g) Deberanse entregar nos centros educativos.
- h) O alumnado participante indicará o seu nome, apelidos e curso **na parte traseira da folla do debuxo**.
- i) Os traballos entregados fóra de prazo non serán admitidos.

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

O Prazo para presentar os traballos está aberto ata o día 12 de maio.

XURADO:

Cada centro escolar seleccionará un total de 6 carteis, dos cales, a Asociación de Viladesuso elixirá que anunciará o festival.

PREMIOS:

O debuxo gañador empregárase como cartel da edición do Festival do Rei Sol de 2023, que se celebrará no mes de setembro e recibirá un agasallo dun estoxo de pintura.

CESIÓN DE DEREITOS:

Ao participar no concurso, a persoa candidata afirma que a súa obra é un traballo orixinal e individual, que é a única propietaria do traballo e que ningún terceiro é propietario, ten copyright ou marca rexistrada da obra presentada, ni ostenta dereito algún de propiedade industrial ou intelectual sobre a obra presentada. A persoa participante exime de calquera demanda ou reclamación formulada por parte de terceiros sobre vulneración de dereito de propiedade industrial ou intelectual relacionada coa obra presentada.

Os traballos presentados pasarán a ser propiedade da Asociación de Veciños e Veciñas de Viladesuso para poder confeccionar o cartel do festival de 2023. As persoas autoras dos debuxos (ou os seus representantes legais) darán consentimento para poder divulgálos e difundilos publicamente.

ACEPTACIÓN DAS BASES:

A participación no concurso supón a aceptación destas bases.